

**DESENVOLVEMENTO DO 3º TRIMESTRE.
INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS.
EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Unha vez recibidas instrucións definitivas por parte da Consellería de Educación para o desenvolvemento do terceiro trimestre nos centros educativos, procedemos a informar ás familias do seguintes puntos:

- O traballo do terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao **repaso, reforzo e recuperación** dos contidos e competencias traballadas antes da suspensión das clases presenciais.
- Este traballo será **adaptado** polo profesorado en función do curso e área, tendo en conta a situación de cada alumno/a, procurando que as tarefas non sexan excesivas.
- O profesorado **poderá incluír materia nova** sempre que se considere imprescindible para favorecer o progreso na aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave, e servirá para mellorar a cualificación obtida nas dúas primeiras avaliacións.
- O traballo feito no terceiro trimestre será avaliado polo equipo docente a través de **probos ou instrumentos de valoración** que se estimen procedentes.
- O profesorado dispón da primeira quincena de maio para **adaptar as súas programacións**. Unha vez revisadas e adaptadas serán **publicadas** polo centro a través da súa **páxina web** para información de toda a comunidade educativa.
- É **importante e necesario** que todos os traballos que pida o profesorado nesta última fase do curso **sexan enviados** por parte do alumnado, para poder seguir co proceso educativo dun xeito axeitado, dentro da excepcionalidade da situación que estamos a vivir.
- Pedimos **colaboración e responsabilidade** ás familias con respecto ás tarefas dos seus fillos e fillas. Calquera **dificultade** para poder realizar tarefas ou envialas ao profesorado correspondente **deberá ser comunicada** na dirección do centro a través dos canles establecidos para iso.
- As familias velarán porque o alumnado estea en **contacto continuo** co centro, e estarán pendentes, coa maior frecuencia posible, das ferramentas e plataformas que estamos utilizando para o envío de tarefas (Abalar, páxina web, blogs das distintas materias, Aula Virtual, etc...)